



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 30 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:43 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: María José Martín Santamaría, Blanca Laffon Lage, Sonia Souto Camba, Pilar Comesaña Pérez, Manuel Peralbo Uzquiano, Nancy Vázquez Veiga, María Dolores Candedo Gunturiz e Fernando Agrasar Quiroga.

1. Informe do Reitor

A seguir, os demais membros do equipo de goberno informaron dos asuntos correspondentes ás súas áreas.

O **reitor** comezou informando da aprobación do Real Decreto-Lei 28/2018 que na súa Disposición adicional 5ª regula as prácticas curriculares e extracurriculares obrigando a dar de alta a quen as realicen. A CRUE mantivo unha reunión con responsábeis da Seguridade Social para ver en que medida afectaría ás Universidades. Como consecuencias desta reunión do 11 de xaneiro, logrouse o compromiso de que esta DA 5ª non se vai aplicar no curso 2018-2019 e que, en todo caso, as Universidades non terán que pagar as cotizacións correspondentes. O reitor lembra que no vixente PFSUG, os créditos de prácticas curriculares nin tan sequera son tomados en conta para o cálculo do financiamento estrutural. Recoñece que non é igual a situación das prácticas curriculares e a das extracurriculares: as primeiras forman parte da formación do estudantado e non son remuneradas. Indica que a Secretaría Xeral xa enviou unha circular sobre a actuación ao respecto.

Informou tamén da xuntanza mantida o día 11 de xaneiro entre a UDC, o Alcalde da Coruña e o Ministerio de Defensa para tratar da situación da Fábrica de Armas da Coruña (FAC). Desa reunión saíu a proposta de ceder á UDC o uso dos terreos da FAC.

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa dos seguintes asuntos:

- 6/12/2018. Autorizouse a petición do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, a contratación pola lista de agarda da praza 18/7018 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo completo debido a renuncia doutra profesora ao ter acadado outra praza distinta o que supón unha diminución na capacidade docente da área de Socioloxía prevista para o curso 2018/19. Este contrato terá vixencia a partir do inicio da actividade académica do segundo cuadrimestre deste curso e rematará o 31/08/2019 sen posibilidade de prórroga.
- 22/01/2019. Autorizouse a petición do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, a contratación pola lista de agarda da praza 18/1008 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo completo debido a renuncia ao seu contrato doutra profesora interina de substitución a tempo completo con efectos do 31/01/2019. Este contrato terá vixencia dende o 01/02/2019 e rematará o 31/08/2019 sen posibilidade de prórroga.
- 24/01/2019. Autorízase unha convocatoria de dúas prazas polo procedemento de urxencia polos seguintes motivos:

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==		





- Con data do 22/01/2019 o Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación remitiu unha solicitude de convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Profesor/a Contratado/a Interino/a e Substitución a tempo completo debido a non cobertura da contratación por lista de agarda da praza 18/7018 autorizada con data do 26/12/2018 ao ter renunciado todos as persoas incluídas na mencionada lista.

A non contratación do profesorado ten como consecuencia a falta de docentes que podan impartir todo o encargo docente do segundo cuadrimestre na área de coñecemento de Socioloxía, polo que se fai necesario realizar unha convocatoria de urxencia para dotar o máis axiña posible de profesorado á area.

- Por outra banda, o Departamento de Pedagogía e Didáctica remitiu con data do 24/01/2019 unha petición de convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Profesor/a Contratado/a Interino/a e Substitución a tempo parcial P06 debido a unha baixa por IT, que se presume de longa duración, na área de coñecemento de Teoría e Historia da Educación.

Dado a urxencia de dotar de profesorado á área de coñecemento de Teoría e Historia da Educación que poda substituír ao profesorado de baixa por IT no segundo cuadrimestre do curso académico 2018/19, é necesario acudir ao procedemento de urxencia para garantir o desenvolvemento da docencia.

NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIONS
1	Contratado/a interino/a de substitución	Tempo completo	Socioloxía	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Facultade de Humanidades e Documentación	710G01007 Socioloxía 710G01027 Socioloxía de cultura e do patrimonio	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/	
1	Contratado/a interino/a de substitución	Parcial P06	Teoría e Historia da Educación	Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G03016 Educación de menores en desprotección e conflito social 652G03007 Xénero, Igualdade e Educación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/	Baixa IT

- 24/01/2019. Autorizouse a petición do Departamento de Economía unha contratación empregando a lista de agarda da praza 18/1010 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 co fin de cubrir a baixa por IT dunha profesora da área de coñecemento de Economía Aplicada. Este contrato tera vixencia mentres se manteña a baixa por IT no actual curso académico 2018/19
- 25/01/2019. A COAP autorizou as seguintes solicitudes de venia docente que contaban con informe favorable dos departamentos da UDC indicados:

PERSOA PROPOSTA	CENTRO	CURSO ACADÉMICO	MATERIA	DEPARTAMENTO QUE EMITE O INFORME
-----------------	--------	-----------------	---------	----------------------------------

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRALmJKNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRALmJKNG1G6XldQ==		





PERSOA PROPOSTA	CENTRO	CURSO ACADÉMICO	MATERIA	DEPARTAMENTO QUE EMITE O INFORME
Ramos Montes, Óscar	EU de Turismo	2018/19	662G01014 Aloxamentos e Restauración I 662G01022 Aloxamentos e	Humanidades
Rodríguez San Adrián, María Belén	EU de Enfermaría	2018/19	661G01024 Farmacoterapia	Ciencias da Saúde

Por outra banda, a COAP acordou admitir o recurso de reposición presentado pola EU de Turismo o 09/11/2018, contra o acordo da COAP do 21/09/2018 pola que se denega a autorización de venia docente a don Claudio Contreras Martins.

- 25/01/2019. A COAP acordou remitir ao Consello Social a proposta de asignación dun complemento por cargo de xestión a vista da resolución da ACSUG dunha reclamación presentada contra a avaliación inicial negativa realizada pola axencia.
- 29/01/2019. Autorizouse a petición do Departamento de Humanidades unha contratación empregando a lista de agarda da praza 18/1012 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 co fin de cubrir a baixa por IT dunha profesora da área de coñecemento de Biblioteconomía e Documentación. Este contrato tera vixencia mentres se manteña a baixa por IT no actual curso académico 2018/19.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Da publicación da listaxe definitiva de persoas adxudicatarias do Programa de bolsas prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes universitarios con discapacidade, curso 2018/2019 e da resolución definitiva de axudas ao transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano de A Coruña e de Ferrol, curso 2018-2019. Tamén informa da publicación da convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantiis 2019.

Informa da inauguración da Exposición "As pegadas do cárcere de Carabanchel" de Clemente Bernard na Facultade de Dereito o 23 de xaneiro.

O adestrador Charly Suárez do San Sadurniño da superliga nacional de voleibol foi elixido por unanimidade premio UDC Deportes 2018. A gala do deporte da UDC, terá lugar o 14 de febreiro no salón de actos do Campus de Ferrol.

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRALmJKNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRALmJKNG1G6XldQ==		





De seguido, a **vicerreitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

O día 10 de xaneiro publicouse a convocatoria de mobilidade con fins de estudos (Erasmus+ e bilateral). O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo vinte de febreiro.

O día 21 de xaneiro publicouse a convocatoria do programa de profesores visitantes procedentes de países de fala inglesa. Esta convocatoria pretende dar apoio ás materias en inglés dos grados e mestrados da UDC. Os profesores visitantes poderán impartir docencia no 2º cuatrimestre do curso 18/19 ou no primeiro cuatrimestre do curso 19/20. Data límite para solicitudes: 30/09/2019.

A *International Summer School* abriu por primeira a vez unha convocatoria específica de cursos para o campus de Ferrol. Remata o prazo de presentación de propostas o 31 de xaneiro.

Dentro das actividades de promoción exterior, mantivemos reunión coa representante da oficina de relación internacionais da *University of Foreign Studies* de Guangdong, China, para a promoción dos estudos de español da UDC entre os seus estudantes. No presente curso académico xa estamos a recibir estudantes da devandita universidade.

O pasado 21 de xaneiro organizamos un Seminario sobre a presentación de propostas para as accións clave 2, actualmente abertas, do programa Erasmus +, en concreto *Capacity Building e Strategic Partnerships*.

Estamos a facer difusión das prácticas financiadas co programa Erasmus + con fin de promover este tipo de mobilidade entre o noso estudantado. Con este motivo celebráronse charlas informativas en todos os campus por parte da directora da Oficina de Relacións Internacionais.

O Centro de Linguas incorporou á súa oferta cursos de Lingua de Signos tanto en A Coruña como en Ferrol.

Oficina de Cooperación e Voluntariado:

Abríuse o prazo de preinscrición para o Curso básico de formación en voluntariado que terá lugar en Coruña os días 8 e 9 de febreiro. En Ferrol terá lugar os días 22 e 23 de febreiro. Así mesmo estanse a realizar actividades de captación de voluntariado con charlas específicas nos distintos centros da udc.

O 31 de xaneiro visitáronos Anabel Montes Mier, xefa de misión de *Proactiva Open Arms*. Falará sobre a súa labor nesta ONG que ten como principal misión o rescate na mar daquelas persoas que intentan chegar a Europa fuxindo de conflitos bélicos, persecución ou pobreza. O faladoiro, na Facultade de CC do Deporte e a Educación Física-INEF e na Facultade de Enfermería e Podoloxía (Campus de Esteiro, Ferrol) tratará sobre Dereitos Humanos e cuestións éticas no salvamento de vidas humanas.

O grupo de sensibilización está a realizar actividades sobre o consumismo e a xeración xeración dunha conciencia crítica sobre o consumo.

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRA1MjKNG1G6X1dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRA1MjKNG1G6X1dQ==		



A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

O día 10 de xaneiro tivo lugar unha reunión á que foi convocado todo o profesorado para co fin de facilitarlle toda a información da que dispoñemos sobre o STEMbach e explicarlles como nos imos a organizar desde a UDC. Nesa reunión presentouse un calendario de traballo que hai uns días foi remitido aos centros. A data máis inmediata é o 8 de febreiro, momento en que os centros deberían xa ter mandado á coordinación STEMbach as propostas do profesorado de proxectos de investigación para os estudantes de bacharelato.

O día 10 de xaneiro tamén se asinou un convenio de colaboración entre a UDC e o Concello de As Pontes para establecer unha sede permanente neste concello, que promoverá actividades de formación e información da UDC. Esta colaboración arrancou o día 23 de xaneiro coa posta en marcha do proxecto de democratización do coñecemento "Compartir experiencias e coñecemento" da Universidade Sénior. Trátase dun ciclo formativo, que se desenvolverá entre os meses de xaneiro e abril, dividido en tres módulos centrados en aspectos relacionados coa eficiencia enerxética e a sustentabilidade social e económica. Esta primeira colaboración foi moi exitosa, inscribíronse 80 persoas (por problemas de espazo só puideron atenderse 60 solicitudes).

O día 21 de xaneiro publicouse na sede electrónica a resolución definitiva para a certificación dos Grupos de Innovación Educativa (GIES), e o día 22 de xaneiro publicouse a II Convocatoria para a constitución e recoñecemento de Grupos de Innovación Docente (GID) da Universidade da Coruña, o prazo remata o día 23 de febreiro.

O día 22 de xaneiro o primeiro MOOC (Massive Open Online Courses) lanzado pola Universidade da Coruña, en colaboración coa Universidade de Cádiz, "Música para o S.XXI: achegas do software libre á educación musical", recibiu o Premio Innovación Educativa MiríadaX 2018. O MOOC foi seleccionado entre un total de 89 candidaturas de 44 universidades de oito países diferentes. O curso está coordinado polas profesoras Rocío Chao Fernández, da Universidade da Coruña, e Sara Román García, da Universidad de Cádiz. Os nosos máis sinceros parabéns á profesora Rocío Chao e ao seu equipo, pois a súa dedicación a este proxecto foi moi intensa. Así mesmo, quero tamén recoñecer a enorme labor desenvolvida por Ana María Peña Cabana, a responsable da Unidade de Teleformación do CUFIE, que se encargou do proceso de deseño, gravación e edición deste curso MOOC. O noso agradecemento tamén ao servizo técnico de audiovisuais da Facultade de Ciencias da Comunicación, así como ao seu alumnado bolsreiro.

O día 22 de xaneiro unha delegación desta universidade composta por membros dos equipos de dirección da Escola Politécnica Superior e da Escola Universitaria Politécnica do campus de Ferrol, a adxunta de titulacións e máis eu acudimos a una xornada de traballo na Universidade de Mondragón sobre titulacións duais. Alí recibíronos o vicerreitor académico, a coordinadora da Escola Politécnica e dúas persoas de Alecop, unha das empresas da Corporación Mondragón, moi familiarizada coa formación dual. Este encontro resultou moi produtivo de cara á posta en marcha desde tipo de formación na nosa universidade.

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRALmjkNGlG6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRALmjkNGlG6XldQ==		





O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

Informase do procedemento electrónico de solicitude de validacións e imputacións ou contabilización dos expedientes de gasto. Dende o 17 de xaneiro os expedientes de validacións, imputacións así como a contabilización de expedientes de gasto polo xerente/a cando o prazo é insuficiente para a fiscalización por parte do Servizo de Intervención. Informouse deste procedemento ao persoal de xestión económica por parte dos servizos da área TIC e persoal de xerencia os días 17 e 18 de xaneiro no Campus del Elviña e Reitoría. Grazas a este procedemento simplificarase a xestión económica destes expedientes e os diferentes membros da Comisión de Asuntos Económicos van ter toda a información en Alfresco coa suficiente antelación a realización da reunión da mesma. Igualmente, avánzase en termos de transparencia.

IVE 2012: A liquidación recorreuse ante o TEAC (Tribunal Económico-Administrativo Central) e foi desestimada o 18 de decembro polo que se vai a formular un recurso administrativo.

Validáronse dous expedientes de gasto da Unidade Mixta de Investigación ou UMI por valor de 75.000€.

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- No Consello do Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) celebrado o día 16 de xaneiro, cesou como directora a petición propia a profesora Rosa Cobo, sendo elixida para exercer a dirección do CEXEF Teresa Piñeiro, profesora da Facultade de CC da Comunicación.

Quero agradecer o traballo levado a cabo por Rosa Cobo dende a creación do CEXEF no ano 2012 ata agora, traballo que permitiu que este centro teña un amplo recoñecemento polas actividades que desenvolve de maneira regular, entre outras a publicación da revista Atlánticas, revista internacional de estudos feministas, o Feminario e o curso de Historia de la Teoría Feminista.

- O día 16 de este mes e por quinto ano consecutivo a Universidade da Coruña acollerá en Ferrol a fase autonómica da First Lego League.

É de destacar o incremento de equipos participantes, case 40 equipos: 24 na categoría competitiva dirixida a mozos de entre 10 e 16 anos e 13 na categoría junior para nenos e nenas de entre 6 e 9 anos. Así agardase unha participación de máis de 300 estudantes procedentes da comunidade galega e de Asturias

Tamén teño que salientar o excelente traballo desenvolvido dende a EPS a EUP e o Campus Industrial que baixo a coordinación do profesor José Antonio Becerra levan a cabo de maneira voluntaria esta interesante iniciativa de promoción da UDC.

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==		





- E por último informar dunha actividade de divulgación científica que baixo o título “Café con Ciencia” imos desenvolver en colaboración coa empresa tecnolóxica Artabro Tech. Trátase dun ciclo de charlas divulgativas co hilo común de poñer en valor a Universidade española en xeral e a da Coruña en particular. Así o longo das seis charlas que temos programadas investigadores formados en España falarán do traballo que están a desenvolver no estranxeiro xa sexa en destacados grupos de investigación o en postos de altas responsabilidade.

A primeira charla que ten o título de *¿Por que investir en Ciencia Básica? Será impartida por Miguel Vidal o xoves 7 de febreiro. Este doutor en Física desenvolveu a súa carreira científica no CERN e acaba de retornar a Ferrol para incorporarse a empresa.*

O **xerente** informa dos seguintes temas:

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2018, SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Tal e como informei no Consello de Goberno do pasado 19 de decembro, o día 20 asinou e publicouse a Instrución da Xerencia sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Universidade da Coruña. Esta instrución ten efectos retroactivos de 1 de setembro de 2018.

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 19-12-2018 DE ADECUACIÓN DAS CONTAS CONTABLES DE INVENTARIO AOS CRITERIOS DAS RESOLUCIÓNS DE 17-07-2017 E DE 03-01-2018.

Tamén o día 19 de decembro de 2018 asinou, publicándose o día 20, a Resolución da Xerencia de adecuación das contas contables de inventario aos criterios das resolucións de 17-07-2017 e de 03-01-2018.

Unha vez publicadas a Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade do 17 de xullo de 2017, pola que se define a clasificación económica dos gastos dos capítulos II ao VI da UDC e se establecen os criterios que se seguirán para a súa imputación e a Resolución Reitoral do 3 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as equivalencias de aplicacións orzamentarias ao orzamento de 2018, os novos conceptos económicos e a codificación do financiamento alleo finalista, fíxose necesario axear aos novos criterios algunhas das contas contables do inventario da UDC.

En concreto, determínase que.

- as contas e subcontas contables son as que se recollen no seu Anexo I,
- a asociación entre as contas e subcontas contables e os subconceptos económicos creados en aplicación das Resolucións de 17/7/2017 e de 3/1/2018 son as que se detallan no seu Anexo II,
- actualízase o apartado 2.1 - Material inventariable da Instrución de 3/2006, Instrucións para a xestión do inventario, no seu Anexo III,
- actualízase o capítulo VI do orzamento de gastos “Investimentos reais”,
 - e avánzase na definición do Financiamento finalista, das instalacións técnicas e outras instalacións, da adquisición de maquinaria e utensilios e de de software, así

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRALmjkNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRALmjkNG1G6XldQ==		





como nas melloras elementos dun aparato, utensilio ou equipo xa inventariado.

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 5/2018, DO 27/12/2018, POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DO 24/04/2018 EN RELACIÓN COA ENTRADA EN VIGOR DA NOVA LEI 9/2017 DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

O día 28 de decembro publicouse a Instrución 5/2018, do 27-12-2018, pola que se modifica a Instrución do 24-04-2018 en relación coa entrada en vigor da nova Lei 9/2017 de contratos do sector público, esta modificación efectúase para posibilitar que, a partir do 01-01-2019, poidan facerse documentos ADO, na tramitación de expedientes de gasto de contratos menores. Deste xeito o/a responsable económico/a poderá decidir a tramitación contable que mellor se axeite (formalizando AD ou ADO).

Será necesario continuar formalizando a fase AD, no caso de expedientes de tracto sucesivo, mantementos, contratos de fotocopiadoras, etc.

Por outra banda estase ultimando unha aplicación informática para a tramitación dos expedientes de contratación administrativa. Durante os primeiros meses de 2019 porase a dispor das persoas responsables das partidas e responsables económicos, para a xestión dos contratos menores.

Estas medidas van destinadas a facilitar a xestión dos expedientes de gasto.

REAL DECRETO-LEY 24/2018, DE 21 DE DICIEMBRE, POR EL QUE SE APRUEBAN MEDIDAS URGENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIONES EN EL ÁMBITO DEL SECTOR PÚBLICO.

No BOE núm. 312 do 27 de decembro publicouse o Real Decreto-ley 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

No apartado dous do seu artigo 3 establécese, en resumo, que:

“No ano 2019, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,25 por cento respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2018, Ademais do anterior, se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes en 2018 alcanzase ou superase o 2,5 por cento engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2019, outro 0,25 por cento de incremento salarial. Para un crecemento inferior ao 2,5 por cento sinalado, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución que se produciu sobre devandito 2,5 por cento, ...
....”

Na nómina do presente mes de xaneiro realizouse o incremento global do 2,25 por cento nas retribucións do persoal da UDC.

RESOLUCIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2019 QUE REGULA A XORNADA, HORARIO DE TRABALLO, VACACIÓNS E CONCESIÓN DE PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

No día de hoxe asínase e daráselle publicidade mañá á Resolución da Xerencia que regula a xornada, horario de traballo, vacacións e concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña.

Esta resolución, fundamentada no proposto polo Grupo de Traballo de Conciliación e Acción Social do Persoal de Administración e Servizos (PAS), dítase con varios obxectivos:

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRA1MjKNG1G6XldQ==		





.- Facilitar o acceso á información sobre permisos, licenzas e vacacións, unificándoa nunha soa normativa actualizada e completa, que recolla todos os avances legislativos en materia de conciliación dos últimos anos.

.- Mellorar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral do PAS da UDC e ao mesmo tempo ofrecer uns servizos mais eficientes, na procura de concentrar os días de vacacións e permisos por días libres do persoal durante os períodos non lectivos e de menor actividade.

.- Potenciar a responsabilidade social con medidas integradoras e de conciliación que poidan aumentar a produtividade do cadro de persoal.

Por último o **secretario xeral** informou do nomeamento de Luz María Puente Aba como Delegada de Protección de Datos da UDC.

ACORDOS:

1. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 19 de decembro de 2018
2. Aprobáronse os contratos e convenios (4 marco, 16 específicos e 41 de prácticaS) co voto en contra de Xosé Portela ao que figura como convenio específico nº 12 (encargo á FUAC) – **anexo III** Aprobáronse os calendarios de novas propostas e modificacións de títulos oficiais de grao, mestrado e doutoramento para a implantación no curso 2020-2021 – **anexo IV**
3. Aprobouse retirar da Orde do día os regulamentos do CITEEC e CICA.
4. Aprobouse a proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado – **anexo V**
5. Aprobouse a proposta de cambios de dedicación – **anexo VI**
6. Aprobouse a proposta de modificación da Normativa de actuación da Comisión de avaliación de méritos docentes e de convocatoria extraordinaria de avaliación – **anexo VII**
7. Aprobouse a proposta de autorización de licenzas – **anexo VIII**
8. Aprobouse a proposta de aceptación da doazón do Victoria C.F. para o arranxo do campo de fútbol da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física– **anexo IX**
9. Presentáronse as contas anuais do exercicio económico 2017 e o informe de auditoría – **anexo X**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:15 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector

Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no

seguinte enderezo: <https://tv.udc.gal/video/5c6686f211cad14d2a8b457f>

(Coa pegada dixital **SHA-1: 0620DB68C2E74B3144876D8A1D75D71232BE196C**)

Código Seguro De Verificación	rJrD7obRALmjkNG1G6XldQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/03/2019 14:48:42
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	13/03/2019 10:11:23
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rJrD7obRALmjkNG1G6XldQ==		

